



Valdoviño



VALDOVIÑO

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA DIEZ DE DECEMBRO DE DOUS MIL VINTE E CATRO.

Expte: 2024/G007/000041

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás doce horas e cinco minutos do día dez de decembro de dous mil vinte e catro, reúnen en primeira convocatoria os membros da Xunta de Goberno local; previa convocatoria efectuada regulamentariamente conforme ao resolto en decreto núm. 752 de data 9 de decembro/2024 e baixo a Presidencia do sr. Alcalde Alberto González Fernández: don Benito Manuel Vega Fernández, dona Tamara Sabín Caamaño e don Alejandro Antonio García Sousa. Non asiste por causas xustificadas dona Rosa Ana García López.

Actúa como secretario don Rafael Jose Del Barrio Berbel.

Despois de aberta pola Presidencia a sesión, esta celébrase comezando co debate e votación dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: 03.12.24 (ORDINARIA).-

O alcalde preguntalle aos concelleiros se teñen que facer algunha observación á devandita acta, e ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión de 03.12.24 queda aprobada sen ningunha obxección pola Xunta de Goberno Local.

2º.- APROBACIÓN DE INICIO DE TRÁMITE PARA AUTORIZACIÓN DE SUBSTITUCIÓN DE VEHICULO ADSCRITO A LICENZA Nº 8 DO CONCELLO DE VALDOVIÑO.-

“PROPOSTA DE ALCALDÍA PRESIDENCIA para AUTORIZAR A SUBSTITUCIÓN DE VEHÍCULO ADSCRITO A LICENCIA DE TAXI Nº 8.

Tendo coñecemento da solicitude con número de rexistro de entrada 202400000003187 formulada por [REDACTED] con D.N.I. núm. [REDACTED] en data 4 de decembro do 2024 referente á substitución do vehículo asociado a licenza de taxi n.º 8 do Concello de Valdoviño.

Visto que o vehículo Mercedes Benz Clase V con número de matrícula [REDACTED] e bastidor nº WDF44781313504936 asociado a licenza de taxi n.º 8 pretende ser substituído por outro vehículo de mellores características con número de bastidor WF03XXTTG3MA23314, matrícula [REDACTED] e modelo FORD TOURNEO CUSTOM.

Conforme o disposto no artigo 26 da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículo de turismo de Galicia

- 1. Os vehículos que figuren identificados, aos que se adscriban as licenzas de taxi e autorizacións interurbanas de taxi para o exercicio da actividade, poderán ser substituídos por outros, previa autorización do ente concedente, sempre que o vehículo que substitúa ao anterior fose máis novo e reunise as condicións esixidas para a prestación do servizo.*
- 2. Desenvolverase regulamentariamente o procedemento para autorizar a substitución de vehículos e tamén para unha adscripción temporal no suposto de avaría ou inutilización por un período de tempo determinado.*

En virtude do enunciado no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local na súa redacción dada pola Lei 11/1999, do 21 de abril e a Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, esta Alcaldía

PROPÓN

Primeiro.- Iniciar a tramitación administrativa para a autorizar a substitución de vehículo adscrito a licenza n.º 8 do Concello de Valdoviño.

Segundo.- Dar traslado da presente proposta á Dirección Xeral de Mobilidade da Xunta de Galicia aos efectos da emisión de informe preceptivo e vinculante, de acordo co disposto no artigo 3.1 c) da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículo de turismo de Galicia.

Documento asinado electrónicamente polo Alcalde, Alberto González Fernández na data indicada a marxe.”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expediente 2024/V015/000001).

FORA DA ORDE DO DIA

En votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes á sesión inclúese o asunto da adquisición de equipamento técnico asistencial (axudas técnicas) vinculado a solicitude de financiamento de gastos sociais extraordinarios POS+Adicional 1/2024, en aras de axilizarlos trámites vista a proximidade da xustificación da subvención.

- APROBACIÓN PARA A ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO TECNIO ASISENCIAL (AXUDAS TECNICAS) VINCULADO A SOLICITUDE DE FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS POS + ADICIONAL 1/2024.-

“PROPOSTA DE ALCALDIA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA ADQUISICION DE EQUIPAMENTO TECNICO ASISTENCIAL (AXUDAS TECNICAS) VINCULADO A SOLICITUDE DE FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS POS + ADICIONAL 1/2024

Alberto González Fernández, Alcalde do Concello de Valdoviño, vista a necesidade de adquirir equipamento técnico asistencial por parte dos servizos sociais comunitarios,

vinculado á subvención da Deputación Provincial de A Coruña para financiamento de gastos sociais extraordinarios (POS + Adicional 1/2024); visto o recoñecemento da retención de crédito e visto o informe técnico da traballadora social que se transcribe a continuación:

Paula Fernández Dopazo (Colex. 2116), traballadora social do departamento de servizos sociais do Concello de Valdoviño, en relación á resolución da Deputación Provincial de A Coruña de adxudicación de 3.500 euros en concepto de gasto de investimento para adquisición de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria,

INFORMO:

PRIMEIRO. Mediante circular de data de 04/12/2023 comunicouse ao Concello de Valdoviño a aprobación das Bases reguladoras do Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) “POS+2024” no que se regula simultaneamente o POS+ADICIONAL 1/2024 para os gastos sociais extraordinarios do exercizo 2024, así como tamén a achega provincial asignada ao mesmo.

SEGUNDO. No Boletín Oficial da Provincia de A Coruña nº 227 de 28 de Novembro de 2023, publícanse as bases reguladoras deste plan. A base 12 regula a elaboración, aprobación e execución do POS+ADICIONAL 1/2024 para gastos sociais extraordinarios do exercizo 2024, que se financia con cargo a unha achega provincial extraordinaria por importe de 5.000.000 euros para facer fronte ao impacto económico e social en materia de servizos sociais. En documento anexo establécese a cantidade de 69.929,42 euros para o Concello de Valdoviño, para o financiamento de gastos sociais extraordinarios do exercizo 2024, con cargo a dito Plan.

TERCEIRO. Dende o Concello de Valdoviño remítese **solicitude** de 66.429,42 euros para gasto corrente e **de 3.500 euros para investimento de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten este material para a súa vida diaria**. En data de 04.06.2024 publícase no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña nº 107 de 04 de Xuño de 2024 a aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único Concellos) para o financiamento do POS+Adicional 1/2024 para gastos sociais extraordinarios do exercizo 2024. En circular de 19 de xuño de 2024 notifícase a cantidade aprobada para o Concello de Valdoviño:

CONCELLO DE VALDOVIÑO		
Gasto corrente	Gasto investimento	Total achega provincial aprobada
66.429,42 euros	3.500 euros	69.929,42 euros

CUARTO. Solicítase orzamento a empresa Gerimedical S.L. para as seguintes axudas técnicas:

Tipoloxía	Características	Unidades
Cama articulada	Carro elevador, medidas de 90x190, varandas de suxeición, incorporador e colchón	2
Grúa de mobilidade	Grúa de mobilidade eléctrica reforzada con arnés	1
Transporte e montaxe	Transporte e montaxe	1

QUINTO. Gerimedical S.L. presenta o seguinte orzamento desagregado:

CONCELLO DE VALDOVIÑO					
Tipoloxía	Cantidade	Precio sen IVE	Desconto aplicado	IVE	Precio IVE engadido
Cama articulada	2	1.815,20 euros	0%	21	2.196,39 euros
Grúa de mobilidade	1	755 euros	10% (679,50 euros)	10	747,45 euros
Transporte e montaxe	1	65 euros	0%	21	78,65 euros
TOTAL SEN IVE		2.559,70 euros	TOTAL CON IVE	3.022,49 euros	

PROPOÑO:

A adquisición do material técnico asistencial a favor da empresa Gerimedical por valor de 3.022,49 euros con IVE engadido.

Para que conste aos efectos oportunos, asino electrónicamente na data indicada á marxe.

O Alcalde”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expediente 2024/A003/000002).

3º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formularon rogos nen preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, o sr. Alcalde levantou a sesión, ás doce horas e vinte minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretario municipal, CERTIFICO o contido da presente acta.

/Documento asinado na marxe esquerda do mesmo polo secretario e polo alcalde/